



NARÓN

CONCELLO DE NARÓN

Datos Do Expediente:

EXPEDIENTE XENERICO		
Unidade Tramitadora:		
Xestión de Tesourería Pagamentos e Cobros – MRN		
Número expediente:	Documento:	
TES/78/2021	TES16I0FR	
0S3E5N2569000D6A0RQE		

BORRADOR DE REGULAMENTO DA CAIXA MUNICIPAL DE GARANTÍAS E DEPÓSITOS DO CONCELLO DE NARÓN

O ordenamento xurídico local xeral non regula expresamente o funcionamento nin os procedementos que se deben seguir para a constitución, xestión, prescrición e execución das garantías prestadas antes as entidades locais nin a caixa de garantías e depósitos municipal.

A través da figura do regulamento da caixa municipal de garantías e depósitos do Concello de Narón preténdese regular os trámites e procedementos aplicables ás garantías e depósitos que se depositen e esixan polo Concello de Narón e os seus organismos autónomos, mellorando así o funcionamento da Administración en beneficio dos seus cidadáns.

E por elo que, se formula borrador de regulamento da caixa municipal de garantías e depósitos do Concello de Narón co seguinte teor literal:

REGULAMENTO DA CAIXA MUNICIPAL DE GARANTÍAS E DEPÓSITOS DO CONCELLO DE NARÓN

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

ARTIGO 1. AMBITO DE APLICACIÓN

1. Ante a Caixa de Garantías e Depósitos deste Concello (en adiante Caixa), poderán presentarse as garantías e depósitos que deban constituirse a favor de:

- O Concello e os seus organismos autónomos, salvo nos caos en que deba constituirse ante un órgano administrativo diferente dacordo coa normativa que resulte de aplicación en cada caso.
- Outras Administracións Públicas, sempre que se prevea mediante convenio entre este Concello e a Administración correspondente.
- Asemade, constituíranse ante a Caixa os depósitos que se establezan mediante normas especiais, dacordo co previsto neste regulamento cando, segundo o ordenamento xurídico, deban situarse baixo a custodia deste Concello.

2. A Tesourería non admitirá ningunha outra garantía constituída a favor de entes diferentes dos mencionados.

3. Os depósitos non reivindicarán xuro algún nin os resgardos representativos da súa constitución serán transmisibles a terceiros.

ARTIGO 2. ORGANIZACIÓN ADMINISTRATIVA

1.A Caixa é unha unidade administrativa integrada na Tesourería municipal, na forma que a organización municipal estableza en cada caso, de conformidade co establecido no artigo 5 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional.



2. As adecuacións necesarias para aplicar o presente Regulamento , no seu caso, á propia organización municipal en cuanto á constitución, cancelación e incautación das garantías, se regularán pola Instrucción que a ditos efectos dicte a Tesourería Municipal, nos termos recollidos no artigo 5 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo.

ARTIGO 3. FINALIDADE DA GARANTÍA

1.A garantía responderá do cumprimento das obrigas que establezan as normas en virtude da que se constituíu, nos termos nos que as mesmas dispoñan e dacordo co establecido no Real Decreto 937/2020, de 27 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Caixa Xeral de Depósitos, correspondendo á Unidade Administrativa que requira a súa constitución determinar a súa suficiencia respecto daquelas.

ARTIGO 4. CONTABILIZACIÓN DAS OPERACIÓNS RELATIVAS GARANTÍAS E DEPÓSITOS

1.As funcións desenroladas no presente regulamento están suxeitas ao réxime de contabilidade pública.

ARTIGO 5. OUTROS DEPÓSITOS

1.Poderán constiuiirse ante a Caixa por particulares, órganos administrativos, organismos autónomos e entes públicos, como consecuencia de:

- a) Os derivados dos procedementos de expropiación forzosa tramitados polo Concello nos supostos previstos na Lei de Expropiación Forzosa.
- b) O procedemento de enaxenación dos bens embargados, previsto no Regulamento Xeral de Recadación.
- c) A consignación do pago da débeda no procedemento de recadación, que establece o artigo 43 do Regulamento Xeral de Recadación.
- d) Diñeiro efectivo atopado na vía pública, acompañándose informe emitido polo Servicio da Policía Local.
- e) Calesqueira outros supostos que por lei, disposición regulamentaria, acto administrativo ou resolución xudicial se determinen.

ARTIGO 6. MODALIDADES DE GARANTÍAS

1.As garantías que deban constiuiirse ante a Caixa poderán consistir en:

- a) Efectivo
- b) Valores de débeda do Estado.
- c) Avals presentados por entidade de crédito ou sociedades de garantía recíproca.
- d) Seguros de caución outorgados por entidades aseguradoras.

2.A persona ou entidade que manteña unha garantía na Caixa poderá sustiuir a súa modalidade dacordo co previsto neste Regulamento. Neste caso, con anterioridade á devolución da garantía constiuida deberá de estar constituída a nova.

3.A constitución da garantía en efectivo quedará acreditada mediante o xustificante de pago que emita a entidade bancaria onde se produza o ingreso.

4.A data de constitución da garantía en efectivo será aquela na que se produza o seu ingreso na entidade bancaria.

CAPÍTULO II. CONSTITUCIÓN

ARTIGO 7. ESIXIBILIDADE

Os terceiros virán obrigados a prestar garantía ante o Concello de Narón nos seguintes casos:

- Nos supostos e polos importes en que así veña establecido na normativa de aplicación, xa se trate de expedientes de contratación administrativa, interposición de recursos, fraccionamento ou aprazamento de pago de débedas, xestión urbanística, etc.
- Nos supostos e polos importes que se establezan como consecuencia de actos administrativos concretos procedentes de acordos de órganos colexiados, resolucións, etc.



ARTIGO 8. CONSTITUCIÓN DE GARANTÍAS PROVISIONAIS

No caso de garantías provisionais en metálico, o terceiro virá obrigado a realizar o seu ingreso nas entidade ou entidades bancarias que determine a Tesourería, directamente ou mediante documento de ingreso no modelo normalizado. Os fondos derivados das garantías en metálico non quedan excluídos da aplicación do principio de unidade de caixa.

As garantías provisionais prestadas en forma de aval, seguro de caución ou valores, constituiranse directamente ante o órgano de contratación, ou unidade xestora do expediente incorporándose ao seu expediente correspondente.

Estas garantías provisionais están suxeitas aos mesmos requisitos formais, materiais e de suficiencia que os esixidos para as garantías definitivas, especiais ou complementarias.

ARTIGO 9. CONSTITUCIÓN DE GARANTÍAS DEFINITIVAS, ESPECIALES OU COMPLEMENTARIAS.

As garantías definitivas, especiais ou complementarias constituiranse ante a Tesourería municipal e serán custodiadas pola mesma.

Nos procedementos de contratación, as garantías provisionais e definitivas correspondentes a licitacións presentadas por Unións Temporais de Empresas que aínda non formalizaran en escritura pública a súa unión, poderán constituirse por unha ou varias das empresas participantes, sempre que no seu conxunto alcance a contía requirida e garantice solidariamente a todos os integrantes da unión temporal.

A Tesourería entregará un resgardo de constitución con meros efectos acreditativos de ésta á persona ou entidade constituínte.

Para proceder á constitución de calesqueira tipo de garantía, a persona ou entidade constituínte deberá de exhibir o documento que acredite a orde administrativa do depósito da mesma ou a licitación pública onde se cuantifique o importe a consignar.

A persona física ou xurídica depositante da garantía, con excepción das provisionais en forma de aval, seguro de caución ou valores que se incorporarán directamente ao expediente, acreditarán a súa constitución ante o órgano a cuxa disposición se constituía.

O negociado responsable do procedemento a que afecta a garantía depositada, será o que conformará a validez da garantía en canto ao seu importe, idoneidade do depositante, data de constitución, concepto ou descripción e poderes bastantes.

ARTIGO 10. GARANTÍAS EN EFECTIVO

O ingreso da garantía constituída poderá realizarse mediante ingreso na entidade ou entidades bancarias que determine a Tesourería ou mediante documento normalizado adaptado á normativa do Caderno 60 da serie "Normas e procedementos bancarios" da Asociación Española de Banca, ou norma que o substitúa.

ARTIGO 11. GARANTÍAS DISTINTAS A INGRESOS EN METÁLICO

1. Consideracións xerais:

- Deberán ser autorizados por apoderados que teñan poderes suficientes para obrigar plenamente. Estes poderes deberán de estar bastanteados previamente pola Secretaría Xeral do Concello, ou por fedatario público
- Toda persona física ou xurídica que desexe constituir unha garantía poderá facelo sempre que o aval ou contrato de seguro de caución cumpra todos os requisitos en canto ao seu

contido material ,en atención ao que o órgano competente lle requirise, así como o seu contido formal.

- As garantías constituídas en valores ou outras das sinaladas nos artigos respectivos deste regulamento, acreditaranse ante o órgano que os esixe co resguardo expedido pola Tesourería da aplicación de contabilidade Sical.

2.Incidencias.

- No caso de garantías non prestadas en efectivo, se a entidade garante (avalista ou aseguradora) fora declarada en concurso de acreedores , ou quedara sen efecto a autorización administrativa para o exercizo da súa actividade ou se por calesqueira outra razón allea á vontade do garantizado ou do garante a garantía constituída non ten ou perde validez ou vixencia, ou se pon en risco grave a protección que a garantía debe outorgar, o obrigado a prestar garantía deberá de substituír dita garantía sen necesidade de que medie requerimento algún por parte da Administración por outra de igual modalidade ou outra de entre as recollida nas presentes normas, no prazo máximo de tres meses dende que se declare ou se producirá algunha das circunstancias citadas.
- Nos supostos de declaración de concurso de acreedores ou de perda da autorización administrativa, o prazo previsto no parágrafo anterior computarase dende que se produza a declaración ou a perda. No resto de casos referidos, conocida a incidencia, a autoridade, previa audiencia, poderá solicitar aos interesados a substitución da garantía.

ARTIGO 12. GARANTÍAS PRESTADAS MEDIANTE AVAL

1.Sólo se admitirán garantías na modalidade de aval cando o avalista sexa unha entidade de crédito, un establecemento financeiro de crédito ou unha sociedade de garantía recíproca debidamente autorizados para operar en España e inscritos nos rexistros correspondentes.

2.Os avales deberán de reunir as seguintes características:

- a) O aval deber ser solidario respecto ao obrigado principal, con renuncia expresa ao beneficio de excusión e pagadeiro ao primeiro requerimento da Administración
- b) O aval será de duración indefinida, permanecendo vixente ata que o órgano a cuxa disposición se constituía resolva expresamente declarar a extinción da obriga garantida e a cancelación do aval. Coa excepción daqueles supostos de vixencia determinada, previamente autorizados pola Tesourería.

3. As entidades que garantan obrigas de aval deberán de cumprir os seguintes requisitos:

- a) Non atoparse en situación de mora como consecuencia do impago de obrigas derivadas da incautación de anteriores avais.
- b)Non ter solicitado a declaración de concurso voluntario, non ter sido declarado insolvente en calesqueira procedemento , non ter sido declarado en concurso de acreedores, non estar suxeito a intervención xudicial e non atoparse inhabilitado conforme á lexislación concursal, sen que tivera concluído o periodo de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso de acreedores.
- c)Non atoparse suspendida nin revogada a autorización administrativa para o desenrolo da actividade.
- d)Non superar o límite de importes avalados que estableza o Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital (ou o Ministerio competente que corresponda en cada momento) en función das condicións económicas e de solvencia das entidades avalistas.
- e)Os avais eberán ser autorizados por apoderados da entidade avalista que teñan poder suficiente para obligala plenamente e bastanteados segundo o sinalado na presente disposición.

ARTIGO 13. GARANTÍAS PRESENTADAS MEDIANTE SEGURO DE CAUCIÓN

1.Poderá empregarse esta modalidade de garantía sempre que sexa outorgada por entidade de seguros autorizada pola Dirección Xeral de Seguros do Ministerio competente na materia.

2. O modelo de contrato de seguro de caución, terá as seguintes características:

- a)A persona ou entidade obrigada a presentar garantía terá a condición de tomador do seguro e a Administración a cuxa disposición se constituía a garantía a de asegurado.



b) Fará consta de forma expresa as circunstancias seguintes:

- O asegurador non poderá opoñer á Administración o impago da prima polo tomador ou calesqueira outra excepción derivadas da súa relación con este.
- A falta de pago da prima non dará dereito á aseguradora a resolver o contrato, nin este quedará extinguido, nin a cobertura suspendida, nin esta liberada da súa obriga caso de que se produza o sinistro consistente nas circunstancias en virtude das cales deba facerse efectiva a garantía.
- O asegurador asume o compromiso de indemnizar ao asegurado ao primeiro requerimento da Caixa nos termos establecidos na Lei.
- Que o contrato de seguro non quedará extinguido, nin a cobertura da aseguradora suspendida, nin a aseguradora liberada da súa obriga no caso de que se produza o evento cuxo risco é obxecto de cobertura.

3.A duración do contrato de seguro coincidirá coa da obriga garantida e non poderá ser superior a dez anos, conforme ao previsto na Lei 50/1980, de 8 de outubro de Contrato de Seguro. Se a duración da obriga garantida superase os dez anos, o obrigado deberá de prestar nova garantía durante o último mes do prazo indicado, salvo que se acredite debidamente a prórroga do contrato de seguro.

4.Os seguros de caución deberán ser autorizados por apoderados da entidade aseguradora que teñan poder suficiente para obligala plenamente.

5.A garantía surtirá efectos ata que o asegurado, ou quen actúe no seu nome, autorice expresamente a súa cancelación ou devolución.

6.A garantía deberá de constituirse na forma de certificado individual de seguro, coa mesma extensión e garantías que as resultantes da póliza. Dito certificado individual deberá de facer referencia expresa a que a falta de pago da prima, sexa única, primeira ou seguintes, non dará dereito ao asegurador a resolver o contrato, nin este quedará extinguido, nin a cobertura do asegurador suspendida, nin este liberado da súa obriga, caso de que o asegurador deba facer efectiva a garantía, así como a que o asegurador non poderá opoñer ao asegurado as excepcións que poidan corresponder contra o tomador do seguro.

7.As entidades que garantan obrigas mediante seguro de caución, haberán de cumprir os requisitos a que fai referencia o artigo 12.3 desta instrución.

ARTIGO 14. GARANTÍAS MEDIANTE VALORES

Para a constitución de garantías mediante valores, estarase ao disposto nos artigos 34 e seguintes do Real Decreto 937/2020, de 27 de outubro polo que se aproba o Regulamento da Caixa xeral de Depósitos.

ARTIGO 15. GARANTÍAS EN MATERIA DE RECADACIÓN

1.Determinaranse conforme se establece na Ordenanza Xeral de Recadación e resto de normativa tributaria e recadatoria aplicable.

2. Fianza personal e solidaria. Nestos casos, e coas limitacións que a propia normativa do Concello admita a fianza personal e solidaria, esta deberá ser presentada por dous contribuíntes da localidade de recoñecida solvencia. A solvencia acreditarase mediante certificación de non estar os avalistas incurso en vía de prema por débeda municipal nos últimos tres anos, expedida pola Recadación municipal.

Estas fianzas personales quedarán custodiadas no correspondente expediente administrativo.

ARTIGO 16. PROCEDEMENTO DE CONSTITUCIÓN

1.A unidade administrativa que xera a obriga de constituir garantía, ademáis de notificar ao interesado, deberá de remitir copia do requerimento ou do acordo, no seu caso, á Tesourería municipal incorporando o nome completo ou razón social do terceiro, NIF ou CIF, o importe e o concepto polo que se ten que constituir garantía.

2. Ante a Tesourería municipal, deberá de comparecer o interesado incorporando, ben o documento de ingreso se se efectuou en metálico, ben o documento de garantía.

3. Respecto ao documento de aval, seguro de caución ou valores, a Tesourería realizará nese mesmo momento da comparecencia as seguintes comprobacións:

- Revisar o contido formal obrigatorio previsto na normativa de aplicación.

No caso de que a garantía adoleza dalgún dos requisitos mencionados, non poderá constituirse a garantía pola Tesourería municipal, o cal non suporá a interrupción do prazo se a constitución estivese sometida a termo.

4. Efectuadas as anteriores comprobacións, a Tesourería porá a disposición da unidade administrativa correspondente a garantía aos efectos de que por esta se valore a suficiencia da mesma no seo do expediente a que se atopa afecta, entregando o documento contable correspondente, cuxa carta de pago se entregará ao interesado.

5. Cando a solicitude do interesado, o ingreso da fianza en metálico se desexe realizar por compensación de débedas, estas deberán de ser líquidas, vencidas e esixibles, e a constitución non poderá producirse ata que fora dictada a correspondente resolución de compensación favorable polo órgano competente, non producindo a solicitude de compensación efectos suspensivos se a constitución estivese sometida a termo.

CAPÍTULO III. SUSTITUCIÓN, CANCELACIÓN E DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

ARTIGO 17. SUSTITUCIÓN DE GARANTÍAS

1. A substitución da modalidade baixo a que se constituíu unha garantía requirirá a petición por escrito do interesado e, en todo caso, a resolución favorable da unidade administrativa a cuxo favor se constituíu, co informe previo da Tesourería sobre a vixencia da garantía que se pretende substituír, así como da inexistencia de embargo nos termos do artigo 65.3 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de contratos das Administracións Públicas.

No mesmo acordo aprobando a substitución poderá acordarse igualmente a devolución, no seu caso, da garantía primitiva condicionada, en todo caso, á constitución de nova garantía.

ARTIGO 18. CANCELACIÓN E DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

1. As fianzas provisionais constituídas con motivo dun expediente de contratación, ou de calesqueira outra natureza, que non consten depositadas na Tesourería municipal, serán devoltas de oficio directamente ao interesado pola Unidade Administrativa correspondente, de conformidade aos acordos adoptados ao efecto no propio expediente.

2. Conforme á normativa reguladora, a unidade administrativa a cuxa disposición se constituíu a garantía definitiva, acordará previa fiscalización da intervención municipal, a cancelación desta mediante resolución facendo constar no expediente: que a garantía figura ingresada/depositada e non foi devolta, se constan dilixencias de embargo ou declaración de concurso de acreedores do interesado e se existen débedas en executiva na Recadación municipal segundo o informe que se emita ao efecto pola Tesourería.

3. O acordo ou resolución de cancelación trasladarase á Caixa para que esta o reflecta nos rexistros contables e proceda á súa devolución, sempre que se comprobe que non consta traba ou embargo sobre a mesma, xa que neste caso farase constar dita circunstancia na resolución procedéndose ao embargo da garantía. Neste caso, a tramitación corresponderá a Tesourería a cal trasladará a resolución de orde de retención da garantía e denegación da devolución ao órgano de contratación, ao interesado e á entidade embargante.

4. Unha vez acordada a cancelación da garantía, esta poderá ser devolta pola Tesourería ben procedendo ao pago do importe se esta se constituíu en metálico, ben mediante a devolución do aval ou seguro de caución, en cuxo caso haberá que presentar a seguinte documentación:

- Se a garantía estivese a nome de persona física, poderá recollelo o interesado personalmente aportando o seu DNI ou ben outra persona acreditando a representación cunha autorización do interesado con fotocopia do seu DNI e o DNI do representante.
- Se a garantía estivese a nome de persona xurídica, poderá recollelo o representante da empresa presentando poder orixinal ou copia onde se acredite dita circunstancia e o seu DNI, ou outra persona, en cuxo caso deberá ter autorización do apoderado da empresa e adxuntando os poderes da empresa, DNI do apoderado e da persona autorizada.
- Se se solicita a devolución por correo postal certificado, deberase realizar petición expresa polo interesado acompañando a documentación a que fai referencia os apartados anteriores segundo o caso.

5. No caso de procedementos de contratación, a Tesourería absterase de devolver as garantías en metálico ou en valores, aínda cando resultase procedente por inexistencia de responsabilidades derivadas do contrato, cando mediara providencia de embargo dicada por órgano xudicial ou administrativo. A estos efectos, as dilixencias de embargo que cheguen ao Concello por parte de órgano xudicial ou administrativo, unha vez rexistrados e datados de entrada, pásanse á Tesourería para o seu rexistro na aplicación de contabilidade SICAL, no módulo correspondente.

6. Cando se trate de depósitos e o receptor ou receptores da devolución sexan distintos de quen figure como titular ou propietario do efectivo, ou como constituínte ou garantizado, se ambos non coincidiran, ou dos que aparezan dalgún xeito no resguardo de constitución como beneficiarios, deberá de acompañarse á orde de cancelación certificación acreditativa que xustifique tal extremo, expedida pola unidade administrativa que da a orde de cancelación.

7. A devolución de garantías en efectivo, realizarase mediante transferencia bancaria á conta corrente do interesado de conformidade cos datos recollidos na "Ficha de terceiro". No caso de existencia de débedas en executiva, procederase de oficio á compensación das débedas e créditos recíprocos.

8. No caso de falta de localización ou de non presentación do depositante para efectuar a retirada da garantía ante a Tesourería e unha vez extinguidas as responsabilidades ás que quede afecta a garantía, poderase proceder á devolución da mesma á entidade avalista ou aseguradora, sempre que consten debidamente acreditadas tales circunstancias.

9. A devolución do documento de aval ou seguro de caución realizarase ao depositante, ou no seu caso, á entidade avalista ou aseguradora, a solicitude daquel, ou cando intentada a devolución non fora posible.

10. Cancelada a garantía, os interesados terán o prazo dun ano para recoller os documentos cos que, no seu caso, foi constituída, transcorrido o cal sen que se producirá a devolución pola Caixa procederá ao seo arquivo ou destrución conforme ao presente regulamento. Se transcorrido o prazo dun ano, os interesados requiren os documentos e estos foron arquivados ou destruídos, a Caixa requere un certificado no que conste a cancelación da garantía.

CAPÍTULO IV. INCAUTACIÓN DE GARANTÍAS

ARTIGO 19. EXPEDIENTE DE INCAUTACIÓN DE GARANTÍAS

1. A incautación total ou parcial de garantías por parte da Caixa municipal, requere a resolución notificada da unidade administrativa a cuxo favor se constituíu.

2. No expediente tramitado ao efecto, o departamento instructor acreditará:

- Que se dictou resolución da que se derive a incautación total ou parcial da garantía.
- Que o acto polo que se declara o incumprimento por parte do obrigado é inmediatamente executivo e non concorre ningunha das excepcións previstas no artigo 98.1 Lei 39/2015, do 1 de outubro.
- A contía da garantía que debe ser incautada.



- A notificación ao interesado, aos efectos de audiencia, da intención de formular solicitude de incautación. Terá a condición de interesado tanto o avalista como o avalado, concedéndolles un prazo de dez días para que poidan presentar alegacións, así como o resultado das mesmas, no seu caso.

3. Unha vez que se acredite polo órgano ordenante da execución que o acto é firme, pola Tesourería se tramitará acordo de execución de garantías, previo informe e fiscalización pola Intervención municipal, cuxo contido indicará: os antecedentes, a forma en que debe realizarse o ingreso e prazo para realizalo de conformidade co artigo 62.2 Lei Xeral Tributaria.

Expedirase carta de pago, procedéndose á súa recadación pola vía de prema no caso de non realizarse o ingreso no prazo establecido.

4. Unha vez posta a disposición do Concello o importe da garantía incautada, realizarase o seu rexistro contable aplicando o seu importe ao concepto orzamentario ou non orzamentario que corresponda e rexistrándose a cancelación da garantía executada mediante PNP devolvéndose o documento depositado á entidade avalista/aseguradora que realizou o ingreso.

5. No caso de que a garantía a incautar estivera constituída por valores, a Tesourería requerirá o pago da cantidade solicitada ao organismo ou ente titular dos valores e ao garantizado, no caso de ser persoas diferentes. No requerimento de pago se indicará a forma en que debe realizarse o ingreso e o prazo para a súa realización. Rematado o prazo de ingreso sen que este se realizara, procederase á enaxenación dos valores.

6. Na execución de garantías mediante aval ou seguro de caución, a Tesourería requerirá a entidade avalista o pago da cantidade a executar segundo a resolución ou acordó de incautación. No requerimento de pago indicarase medio de pago e prazos de ingreso.

6. A Tesourería coñecerá unicamente en vía de recurso de aquelas cuestións relativas ás actuacións propias no procedemento de incautación ou denegación de devolución. As resolucións que dicte para a súa resolución non declarararán se a incautación é ou non procedente nin resolverá cuestións relativas ao acto administrativo de declaración de incumprimento.

7. Se a garantía incautada se constituíu en metálico, dictarase resolución cuxo ingreso se contabilizará directamente, cancelando o ingreso e o pago non orzamentario en formalización.

8. Se a garantía incautada se constituirá a favor de organismo autónomo, a caixa de depósitos o comunicará á unidade de contabilidade correspondente a cal procederá a estender o documento contable para que esta transfira o importe incautado á conta operativa que designe o organismo autónomo.

CAPÍTULO V. PRESCRIPCIÓN E ABANDONO DAS GARANTIAS

ARTIGO 20. PRESCRIPCIÓN E ABANDONO DAS GARANTIAS EN EFECTIVO

1. As garantías constituídas en efectivo que non se consideren vixentes, e que se califiquen, polo transcurso do prazo de 20 anos a que se refire o artigo 18 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, como valores abandonados, previa instrucción do expediente, ingresaranse como maiores recursos do orzamento.

En todo caso, a instrucción do expediente non poderá iniciarse antes do cumprimento do prazo sinalado no artigo 18 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, prazo sinalado para a prescripción extintiva das accións para a súa recuperación.

Con carácter xeral, os depósitos en metálico constituídos no Concello entenderase abandonados aos 20 anos sen terse reclamado.

2. Prescripción das garantías en efectivo. Cancelada unha garantía constituída en efectivo e expedida a proposta de mandamento de pago, comezará a computarse o prazo de prescripción establecido no artigo 25 da Lei 47/2003, de 26 de novembro, xeral orzamentaria.



Transcorrido o prazo de prescrición sen terse efectivo o pago por causas non imputables á Administración, dictarase resolución declarando a prescrición previa tramitación do expediente.

CAPÍTULO VI. PROCEDEMENTO DE DEPURACIÓN DE GARANTÍAS

ARTIGO 21. DEPURACIÓN DE GARANTÍAS E DEPÓSITOS

1.A Tesourería municipal, cando o considere oportuno, instruirá expediente de depuración de garantías e depósitos reflectidos nos estados contables. Para elo seguirase o seguinte procedemento:

- Remitirase ás unidades tramitadoras do Concello ou ao Organismo Autónomo que corresponda, as garantías e depósitos constituídas cunha antigüidade maior de 20 anos para que constaten ou non a vixencia das mesmas.
- Constatada a non vixencia pola unidade tramitadora ou transcorridos tres meses sen que se recibise informe, a Tesourería poderá propoñer ao órgano competente a baixa nos seus rexistros das ditas garantías e depósitos así como proceder á súa baixa contable. Non obstante o disposto anteriormente, se con posterioridade se constatar a vixencia dalgunha garantía ou depósito, cuxa baixa se acordara, adoptaranse as medidas oportunas para a súa rehabilitación.

2.O disposto no apartado anterior será de aplicación ás garantías e depósitos cunha antigüidade superior a 20 anos, computados dende a seu rexistro contable.

3.As actuacións de depuración realizaranse de oficio, previa fiscalización da Intervención e acordo da Alcaldía, ou órgano en que delegue, sexa cal sexa o órgano a disposición do que se tivesen constituído as garantías.

4. Os acordos de prescrición, declaración de abandono de garantías e depuración serán publicados no Boletín oficial da Provincia a efectos de posibles reclamacións.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

PRIMEIRA. As garantías constituídas con anterioridade á entrada en vigor deste regulamento rexeranse polas normas vixentes no momento da súa constitución, sen perxuízo da aplicación desta regulamento para a súa substitución, devolución, cancelación, execución, depuración así como as incidencias que poidan producirse.

SEGUNDA. En relación coas garantías xa canceladas cuxa documentación non se atopase devolta no momento de entrar en vigor do presente regulamento, os interesados terán un prazo de tres meses a contar dende a entrada en vigor, para recoller os documentos cos que foron constituídos, transcorrido o cal a Caixa procederá ao seu arquivo ou destrución. Se transcorrido dito prazo o interesado require os documentos e estos xa foron arquivados ou destruídos, a Caixa emitirá un certificado en que conste a cancelación da garantía.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

PRIMEIRA. Calesqueira modificación legal das normas que serviron de base para a elaboración da presente regulamento determinará a inmediata adecuación desta a ditas modificacións. En todo caso, e para todo o non previsto neste regulamento será de aplicación o previsto no Real Decreto 937/2020, de 27 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Caixa Xeral de Depósitos e calesqueira outra disposición de carácter estatal sobre a materia.

SEGUNDA. Incorporáranse ao presente regulamento no Anexo diversos modelos.

DISPOSICIÓN FINAL

A entrada en vigor do presente regulamento producirase trala súa aprobación e publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo que se refire o artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA



A partir da entrada en vigor do presente regulamento quedarán derogadas todas as disposicións do Concello de Narón, que se opoñan, contradigan ou resulten incompatibles co mesmos, e en particular a instrucción, aprobada por Decreto da alcaldía de 26.11.2021.

ANEXO

1.MODELO DE AVAL/CERTIFICADO SEGURO CAUCIÓN EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN

MEMBRETE ENTIDAD FINANCIERA

Modelo de Aval

La Entidad _____¹, con NIF
nº _____ domicilio en _____²
Nº _____, Código postal _____, y _____ en _____³
su nombre _____
, con poderes suficientes para obligarse en este acto, según resulta del bastanteo de poderes que se reseña en la parte inferior de este documento,

AVALA

A _____⁴ con NIF
nº _____, en virtud de lo dispuesto en los artículos 107 y siguientes de la Ley 9/2017, de 8
de noviembre, de Contratos del Sector Público, por la que se transponen al ordenamiento jurídico
español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de
febrero de 2014 (en adelante LCSP 2017), para responder de las obligaciones derivadas del
expediente _____⁵ relativo a la contratación
de _____⁶, en concepto de
garantía _____⁷, por importe de _____ Euros (_____
_____ €).

La entidad avalista declara bajo su responsabilidad, que cumple los requisitos previstos en el artículo 56.2 del Reglamento General de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas. Este aval se otorga solidariamente respecto al obligado principal, con renuncia expresa al beneficio de excusión y con compromiso de pago al primer requerimiento del Ayuntamiento de Narón, con sujeción a los términos previstos en la legislación de contratos de las Administraciones Públicas, en sus normas de desarrollo y en la normativa reguladora de la Caja General de Depósitos.

El presente aval tendrá carácter indefinido y estará en vigor hasta que el Ayuntamiento de Narón autorice su cancelación o devolución de acuerdo con lo establecido en la Ley de Contratos del Sector Público y legislación complementaria.

El presente aval se ha inscrito en el Registro Especial de Avaluos con el número _____.

En _____ a _____ de _____ de _____.

BASTANTEO DE PODERES POR LA ASESORÍA JURÍDICA DEL.....		
PROVINCIA	FECHA	NÚMERO \ CÓDIGO

Instrucciones:

1 Nombre o Razón Social de la Entidad Avalista.

2 Domicilio de la Entidad Avalista a efectos de notificaciones o requerimientos.



NARÓN

CONCELLO DE NARÓN

3 Nombre y apellidos del apoderado de la Entidad Avalista.

4 Nombre o Razón Social de la Empresa Avalada.

5 Número de expediente.

6 Objeto del contrato.

7 Garantía PROVISIONAL / DEFINITIVA.

Nota: Las empresas que se presenten bajo compromiso de UTE, ajustarán este modelo a lo reflejado en el art. 61. 1. b) in fine del Reglamento General de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas (Real Decreto 1098/2001 de 12 de octubre): "En el caso de uniones temporales de empresarios, las garantías provisionales podrán constituirse por una o varias de las empresas participantes, siempre que en conjunto se alcance la cuantía requerida en el artículo 35 de la Ley y garantice solidariamente a todos los integrantes de la unión temporal".

La cuantía de los avales será la establecida en los artículos 106, -para las garantías provisionales- y artículo 107-para las garantías definitivas- de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, por la que se transponen al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014.

MEMBRETE ENTIDAD FINANCIERA

(Modelo de garantía mediante certificado de seguro de caución)

Certificado número _____¹ (en adelante, asegurador), con domicilio en _____, y NIF _____, debidamente representado por Don _____², con poderes suficientes para obligarle en este acto, según resulta del bastanteo de poderes que se reseña en la parte inferior de este documento.

ASEGURA a _____³, NIF/CIF _____, en concepto de tomador del seguro, ante el Ayuntamiento de Narón, en adelante asegurado, hasta el importe de _____ Euros⁴ (_____ €), en los términos y condiciones establecidos en la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, por la que se transponen al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014 (en adelante LCSP 2017), en la normativa de desarrollo, y pliego de cláusulas administrativas particulares por la que se rige el contrato _____⁵

, expediente nº _____⁶ en concepto de garantía _____⁷, para responder de las obligaciones, penalidades y demás gastos que se puedan derivar conforme a las normas y demás condiciones administrativas precitadas frente al asegurado.

El asegurado declara, bajo su responsabilidad, que cumple los requisitos exigidos en el LCSP 2017.

La falta de pago de la prima, sea única, primera o siguientes, no dará derecho al asegurador a resolver el contrato, ni éste quedará extinguido, ni la cobertura del asegurador suspendida ni éste liberado de su obligación, caso de que el asegurador deba hacer efectiva la garantía.

El asegurador no podrá oponer al asegurado las excepciones que puedan corresponderle contra el tomador del seguro.

El asegurador asume el compromiso de indemnizar al asegurado al primer requerimiento del Ayuntamiento de Narón, en los términos establecidos en la LCSP y normas de desarrollo.



NARÓN

El presente seguro de caución tendrá carácter indefinido y estará en vigor hasta que el Ayuntamiento de Narón, autorice su cancelación o devolución, de acuerdo con lo establecido en la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas y legislación complementaria.

En _____ a _____ de _____ de _____.
Firmado.-

BASTANTEO DE PODERES POR LA ASESORÍA JURÍDICA DEL.....		
PROVINCIA	FECHA	NÚMERO \ CÓDIGO

Instrucciones:

1. Se expresará la razón social completa de la entidad aseguradora.
2. Nombre y apellidos del apoderado o apoderados.
3. Nombre de la persona asegurada.
4. Importe en letra por el que se constituye el seguro.
5. Identificar individualmente de manera suficiente (naturaleza, clase, etc) el contrato en virtud del cual se presta la caución.
6. Número del expediente de contratación.
7. Expresar la modalidad de seguro que se trata, provisional, definitiva, etc.

Nota: Las empresas que se presenten bajo compromiso de UTE, ajustarán este modelo a lo reflejado en el Art. 61. 1. b) in fine del Reglamento General de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas (Real Decreto 1098/2001 de 12 de octubre): "En el caso de uniones temporales de empresarios, las garantías provisionales podrán constituirse por una o varias de las empresas participantes, siempre que en conjunto se alcance la cuantía requerida en el artículo 35 de la Ley y garantice solidariamente a todos los integrantes de la unión temporal". La cuantía de los avales será la establecida en los artículos 106, -para las garantías provisionales- y artículo 107-para las garantías definitivas- de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, por la que se transponen al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014.

2. MODELO DE AVAL PROCEDIMENTOS URBANISMO

MODELO DE AVAL

La entidad (razón social de la entidad de crédito o sociedad de garantía recíproca) CIF, con domicilio a efectos de notificaciones y requerimientos en (.....) y en su nombre (nombre y apellidos de los apoderados) con poderes suficientes para obligarles en este acto, según según resulta del bastanteo de poderes que se reseña en la parte inferior de este documento.

AVALA

A (nombre y apellidos o razón social del avalado, en caso de licencia de obras, el titular de la licencia).....
.....NIF....., en virtud de lo dispuesto por (norma/s y artículos que imponen la constitución de la garantía) y según el (acuerdo comisión gobierno/decreto alcaldía)..... Para responder de las obligaciones siguientes: (detallar el concepto garantizado, localización de las obras y número de expediente) ante el Ayuntamiento de Narón por en importe de (en letra)..... euros (en cifra).....

Este aval se otorga solidariamente respecto al obligado principal, con renuncia expresa al beneficio de excusión y con compromiso de pago al primer requerimiento de la Tesorería Municipal.



CONCELLO DE NARÓN

El presente aval tendrá validez en tanto que el Ayuntamiento de Narón o quien en su nombre sea habilitado legalmente para ello no autorice su cancelación o devolución.

El presente aval se ha inscrito en el Registro Especial de Avaluos con el número _____.

En _____ a _____ de _____ de _____.

BASTANTEO DE PODERES POR LA ASESORÍA JURÍDICA DEL.....		
PROVINCIA	FECHA	NÚMERO \ CÓDIGO

(Modelo de garantía mediante certificado de seguro de caución)

Certificado número _____¹ (en adelante, asegurador), con domicilio en _____, y NIF _____, debidamente representado por Don _____², con poderes suficientes para obligarle en este acto, según resulta del bastanteo de poderes que se reseña en la parte inferior de este documento.

ASEGURA a _____³, NIF/CIF _____, en concepto de tomador del seguro, ante el Ayuntamiento de Narón, en adelante asegurado, hasta el importe de _____ Euros⁴ (_____ €) en virtud de lo dispuesto por _____⁵ (*norma/s y artículos que imponen la constitución de la garantía*) y según el (*acuerdo comisión gobierno/decreto alcaldía*)..... Para responder de las obligaciones siguientes: (*detallar el concepto garantizado, localización de las obras y número de expediente*) ante el Ayuntamiento de Narón.

El asegurado declara, bajo su responsabilidad, que cumple los requisitos exigidos en la normativa.

La falta de pago de la prima, sea única, primera o siguientes, no dará derecho al asegurador a resolver el contrato, ni éste quedará extinguido, ni la cobertura del asegurador suspendida ni éste liberado de su obligación, caso de que el asegurador deba hacer efectiva la garantía.

El asegurador no podrá oponer al asegurado las excepciones que puedan corresponderle contra el tomador del seguro.

El asegurador asume el compromiso de indemnizar al asegurado al primer requerimiento del Ayuntamiento de Narón, en los términos establecidos en la normativa.

El presente seguro de caución tendrá carácter indefinido y estará en vigor hasta que el Ayuntamiento de Narón o quien en su nombre sea habilitado legalmente para ello, autorice su cancelación o devolución, de acuerdo con lo establecido en la legislación.

En _____ a _____ de _____ de _____.

Firmado.-

BASTANTEO DE PODERES POR LA ASESORÍA JURÍDICA DEL.....
--



CONCELLO DE NARÓN

PROVINCIA	FECHA	NÚMERO \ CÓDIGO
-----------	-------	-----------------

INSTRUCCIONES

1. Se expresará la razón social completa de la entidad aseguradora.
2. Nombre y apellidos del apoderado o apoderados.
3. Nombre de la persona asegurada.
4. Importe en letra por el que se constituye el seguro.
5. Identificar individualmente de manera suficiente (naturaleza, clase, etc) el concepto en virtud del cual se presta la caución.

3. MODELO DE AVAL EXPEDIENTE RECADACIÓN: APRAZAMIENTO /FRACCIONAMIENTO DÉBEDAS

MODELO DE AVAL PARA FRACCIONAMENTOS E APRAZAMENTOS

La entidad bancaria _____, con NIF _____ y domicilio a efectos de notificaciones y requerimientos _____, y en su nombre y representación (nombres, apellidos y DNI de los apoderados)

_____ con poderes suficientes para obligarla en este acto, según resulta de la verificación de la representación de la parte inferior de este documento,

AVALA

a (nombre o razón social del avalado) _____, con NIF _____, en virtud de lo dispuesto en el artículo 48 del Reglamento General de Recaudación, en concepto de garantía para responder del cumplimiento del aplazamiento / fraccionamiento solicitado referente al expediente _____, por los conceptos de _____, ejercicios _____, siendo el ente acreedor el Ayuntamiento de Narón.

El aval se constituye ante el Ayuntamiento de Narón, y garantiza, de conformidad con lo establecido en el artículo 48.2 del citado Reglamento, el pago de las siguientes partidas:

- a) El principal de las deudas indicadas: _____ euros.
- b) Los intereses de demora que se generen por el aplazamiento.
- c) El 25 por 100 de la suma de ambas partidas anteriores.

El presente aval se otorga solidariamente respecto al obligado principal, con renuncia expresa al beneficio de excusión y con compromiso de pago al primer requerimiento que el Ayuntamiento de Narón realice, dentro del plazo que se señale.

Este documento tiene carácter ejecutivo y queda sujeto a las disposiciones reguladas en el Reglamento General de Recaudación y demás disposiciones complementarias, y ha de hacerse efectivo por el procedimiento administrativo de apremio.

La duración de este aval es indefinida, quedando vigente hasta que el Ayuntamiento de Narón o quien en su nombre sea habilitado legalmente para ello resuelva expresamente autorizar su cancelación o devolución.

El presente aval se ha inscrito en el Registro Especial de Avaluos con el número _____.

Lugar y fecha: _____

Razón social de la entidad avaladora: _____



CONCELLO DE NARÓN

NARÓN

BASTANTEO DE PODERES POR LA ASESORÍA JURÍDICA DEL.....

PROVINCIA	FECHA	NÚMERO \ CÓDIGO
-----------	-------	-----------------

”